

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 23/07/2021 9:39:46
SAIDA 11589/21



Reclamante: [REDACTED] en representación de [REDACTED]
Expediente. Nº RSCTG 68/2021

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] en representación de [REDACTED] mediante escrito do 14 de maio de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 20 de xullo de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED], en representación de [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 14 de maio de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra, contra a desestimación e falla de contestación á súa solicitude ante o Concello de Cabanas, de acceso a todos os expedientes relacionados cos inmobles de [REDACTED] e ao expediente [REDACTED] dese Concello

A reclamante en resumo, indica que solicitou varias veces acceso a expedientes da edificación colindante do interesado, co que ten litixios por unha linde, e no que considera que o solicitante ten un interese lexítimo ao acceso aos expedientes de licenza, ordes de execución e expedientes de ruína aos que non se lle deu acceso e do que pode resultar un grave prexuízo por indefensión.

A interesada remite copia dos seguintes escritos presentados ante o Concello:

- Escrito do 8 de xullo de 2020, no que denuncia a situación ruínosa da edificación situada en [REDACTED] o colapso de cuberta de edificación colindante e muro medianeiro e a inactividade da administración e risco de colapso de todos os elementos que forman as vivendas, con importantes gretas en muros, e desplome cara á súa finca.
- Escrito de 4 de outubro de 2020 no que comunica que con data do 27 de febreiro de 2020 solicitou acceso a todos os expedientes abertos nos que poida ter a condición de interesado relacionados coas súas denuncias e con data de 12 de xuño de 2020, unicamente se lle autoriza o acceso ao expediente [REDACTED]. No escrito remitido ao Concello, cuestiona a non consideración da edificación como ruínosa e as medidas cautelares adoptadas polo Concello, e solicita a declaración da nulidade da orde de execución e que se lle dea acceso a todos os expedientes relacionados con [REDACTED] e a todos os expedientes municipais informados por el arquitecto desde o número [REDACTED] ata a data
- Escrito de 5 de abril de 2021, no que denuncia actuacións obras que se están a realizar no [REDACTED] sen a adopción de medidas de seguridade necesarias e sen o preceptivo cartel de obras descoñecendo se as mesmas se axustan á legalidade urbanística, e na que solicita o acceso ao expediente de licenzia que ampare as obras das construcións colindantes e o acceso a todos os expedientes relacionados co [REDACTED] que se tramitaran ou se estean tramitando no Concello

O escrito viña acompañado de copia das solicitudes presentadas, da acreditación da representación que ostenta e do seu DNI.

Segundo. Con data do 19 de maio de 2021 déuselle traslado da documentación achegada pola reclamante á Concello de Cabanas para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude polo Concello foi 21 de maio, sen que se tivese recibida a copia do expediente e o informe solicitado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades

autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se

toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto.- Análise do expediente

Da documentación remitida pola parte reclamante, pode constatarase que o escrito presentado ante o Concello con data do 8 de xullo de 2020, debe cualificarse como un escrito de denuncia ante o que considera situación ruínosa dunha edificación colindante coa súa, que polo seu estado, lle pode causar prexuízos á súa propiedade.

No escrito presentado ao Concello con data do 4 de outubro de 2020, a reclamante cuestiona a non consideración da edificación como ruínosa e as medidas cautelares adoitadas polo Concello, e solicita a declaración da nulidade da orde de execución. Nese escrito, fai constar que do acceso aos expedientes que solicitou, unicamente se lle autoriza o acceso ao expediente [REDACTED]

No escrito presentado ao Concello con data do 5 de abril de 2021, denuncia obras que se están a realizar na finca colindante á súa, sen a adopción de medidas de seguridade necesarias e sen o preceptivo cartel de obras descoñecendo se as mesmas se axustan á legalidade urbanística.

Dos ditos escritos, pódese deducir que o reclamante, non presentou reclamación ante esta Comisión contra a discrepancia coa resolución ou contra a falla de resolución dunha solicitude de acceso á información pública, senón que está a presentar denuncias en materia urbanística, contra o estado e as obras que se están a realizar nunha propiedade conlindante coa súa, e que considera que lle están a provocar prexuízos, e en cada un deses escritos, solicita acceso a determinados expedientes que deben estar en poder do Concello.

Pola Comisión da Transparencia solicitouse ao Concello a achega do seu criterio respecto da reclamación presentada, mediante a remisión de informe e copia do expediente que non se recibiu, o que obriga a continuar a tramitación do expediente sen os seus argumentos.

Sen ben de conformidade co disposto no artigo 62 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a presentación de denuncias no confire, por si soa, a condición de interesado no procedemento, no presente

caso, dado que o reclamante parece ter dereitos que poden resultar afectados pola decisión que se adopte como consecuencia das súas denuncias, de acordo co disposto no artigo 4 da mesma Lei, podería ter tal condición.

No caso de que polo Concello se lle tivese recoñecida a condición de interesado nos procedementos tramitados como consecuencia das súas denuncias, de acordo coa disposición adicional primeira da Lei 19/2013, debe ser a normativa reguladora dese procedemento administrativo e non a normativa xeral de transparencia, a aplicable ao acceso por parte de quen teña a condición de interesados no mesmo, polo que procedería a inadmisión da reclamación presentada respecto destes procedementos que se atopen en curso.

Respecto dos procedementos tramitados como consecuencia das denuncias nos que non se lle recoñecese ao reclamante a condición de interesado, ou non se atopen en curso, debe o Concello resolver expresamente sobre o acceso, dando audiencia se procede aos terceiros que podan resultar afectados pola resolución que se dite, de conformidade co disposto no artigo 19 da Lei 19/2013, e examinando previamente si a información solicitada esta afectada por algún dos límites de acceso previstos na dita Lei, en cuxo caso deberá, de forma motivada, dissociarse os datos de carácter persoal existentes ou eliminar se procede, os contidos parciais que poidan verse afectados de forma clara polos límites legalmente previstos (artigos 14 e 15 da Lei 19/2013), salvo no caso de que despois da ponderación tamén prevista, se comprobe que debe prevalecer o interese público ou privado que xustifique en calquera caso o acceso (artigos 14.2 da referida Lei).

A resolución que se pronuncie, debe formalizarse coa oferta de todas as garantías propias do procedemento de acceso á información pública, entre as que se conta a oferta do correspondente recurso substitutivo.

Por tanto, procede inadmitir a reclamación respecto das solicitudes de acceso a expedientes solicitadas en procedementos nos que ao interesado se lle recoñecera a condición de interesado, que deben tramitarse pola normativa que rexa o seu propio procedemento, e estimar a reclamación nos procedementos nos que non se recoñecese ao reclamante a condición de interesado, nos que debe o Concello dar acceso aos expedientes solicitados, previa apertura de trámite de audiencia e exame da concorrencia de límites, tal e como se sinalou.

Debe lembrarse ao Concello de Concello de Cabanas, de conformidade co disposto no artigo 35 da Lei 1/2016, a súa obrigaón de remitir a esta Comision os informes que se lle requiran, para o correcto cumprimento das súas funcións en materia de transparencia.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por ██████████, en representación de ██████████ respecto do acceso á documentación solicitada nos expedientes nos que non teña recoñecida a condición de interesado en expediente administrativo en curso, e inadmitila respecto do acceso solicitado en expedientes nos que teña recoñecida tal condición e se atopen en curso.

Segundo: Instar ao Concello de Concello de Cabanas a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada, se procede e de acordo co disposto no punto anterior, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso e remitindo a esta Comisión no prazo máximo de 15 días hábiles, se procede, copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:

S6500009C)

Fecha: 2021.07.22 11:48:21 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia.